



Número:
2021 / 001274
Fecha: 29/09/2021 19:13

Id.Pl.: SE/decreto

ASUNTO: BASES PROCESO SELECTIVO ADMINISTRADOR/A OBRADOIRO

Vista a resolución da Xefa Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade en Lugo, por delegación da Conselleira, de data 08/09/2021 pola que se lle concede o Concello de Monforte de Lemos subvención para a realización do obradoiro de emprego “Arquivo dixital dual- Implementación das TICS en Monforte de Lemos”.

Sendo necesario aprobar as bases para a selección do adminsitrador/a.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Avocar a competencia da Xunta de Goberno en virtude do disposto no decreto delegación de competencias, de conformidade co disposto no artigo 10 da lei 40/2015 de 1 de outubro , de Réxime Xurídico do Sector Público e 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2868/1986, de 28 de novembro e, en consecuencia:

SEGUNDO.- Aprobar as bases para BASES PARA A SELECCIÓN DO/A ADMINSTRADOR/A DO OBRADOIRO “ARQUIVO DIXITAL DUAL—IMPLEMENTACIÓN DAS TICS EN MONFORTE DE LEMOS”.

1.- Obxecto.

Constitúe o obxecto desta convocatoria a selección do administrador/a do obradoiro dual de emprego “Arquivo dixital-Implementación das TICS Monforte de Lemos”, ó 75 % da xornada, promovido polo Concello de Monforte de Lemos e subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade. Grupo A2.

Funcións do posto de traballo

Será o encargado de realizar os contratos laborais, nóminas de salarios, afiliación, liquidacións e cotización á Seguridade Social, transferencias, control de facturas e albaráns, confección de documentos e manexo das aplicacións informáticas precisas, na forma e prazos adecuados.

Realizarán a base de datos e o arquivo do Obradoiro, tanto de persoal como dos medios, e será o encargado da obtención e confección dos datos estatísticos, rexistros, clasificación e arquivo de documentos, abastecementos, etc...

Impartirá o módulo de inserción laboral e técnicas de búsqueda de emprego ós alumnos traballadores.

Calquera outra función propia do seu cargo que lle encomende a Dirección.

A presente selección regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nestes, polo establecido; no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, no Real Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo,

CSV: 07E50007E8E200O6A3C5E107Z3





do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables e na Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG nº 22, do 3 de febreiro de 2021).

O contrato de traballo que subscribirá a entidade promotora coa persoa candidata seleccionada terá carácter, temporal, cunha duración de nove meses a tempo parcial, concretamente ó 75 % da xornada.

A persoa que resulte seleccionada estará sometida ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

2. Retribucións

Retribucións brutas mensuais (75%): 1.342,50 euros + prorrateo paga extra (223,75 euros): 1.566,25.- euros brutos mensuais.

3. Requisitos

As persoas participantes no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

-Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.

-Non ter sido separadas, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitadas para o exercicio da función pública.

- Estar en posesión da titulación de diplomado ou titulación equivalente ou superior en Relacións Laborais e contar cunha experiencia mínima de 6 meses no posto obxeto desta convocatoria. (No caso de titulacións equivalentes ou superiores deberán acreditar dita condición mediante certificación da administración académica correspondente).

- Ter dezaoto ou máis anos de idade.

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo.

- Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.

CSV: 07E50007E8E20006A3C5E107Z3



FIRMANTE - FECHA





.- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación do organismo competente

.- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. - As persoas aspirantes que fixeran valer a súa condición de persoa con discapacidade deberán presentar certificado que acredite tal condición, que deberá ser efectuado polo Órgano competente nos termos desenvolvidos regulamentariamente, así como, certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

.- Ter ingresado na conta 2080 0126 20 3110000019 a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por importe de 25'16 € previsto na ordenanza municipal reguladora da taxa para estudo, análise e expedición de documentos publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010. En ningún caso o ingreso da citada contía suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. So procederá a devolución do importe satisfeito polo aspirante cando por causas non imputables ó suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos se declaren indebidos por resolución ou sentenza firme ou se producise unha modificación substancial das bases da convocatoria.

4. Solicitudes.

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos. A instancia deberá de conter, polo menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección, a denominación da praza, achegando fotocopia do DNI en vigor, xustificante do pago da taxa esixida, declaración responsable de contar con todos os requisitos esixidos nas presente bases, documentación acreditativa dos requisitos e méritos alegados conforme se dispón nas presentes bases.

Aqueles aspirantes que estean aqueixados por unha minusvalía poderán incluír solicitude de adaptación dos lugares de celebración dos exames. Para este caso deberán de aportar certificación oficial da minusvalía que lles afecta, expedida polo órgano competente da Administración Estatal ou Autonómica.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 5 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación do extracto da convocatoria das presentes bases na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios.

A presentación das solicitudes poderá facerse no rexistro xeral de documentos do Concello, ou en calquera das formas establecidas no art. 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común. Os aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no rexistro

CSV: 07E50007E8E200O6A3C5E107Z3



DOCUMENTO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007E8E200O6A3C5E107Z3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 29/09/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 29/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/09/2021 19:13:14

Número: : 2021001274
Fecha: 29/09/2021
Hora: 19:13
Persona 76561868C





xeral do Concello deberán comunicalo ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com ou no fax 982404812 no mesmo día da súa presentación aportando xustificante da súa presentación.

Rematado o prazo de 5 días naturais o Sr. Alcalde ditará decreto aprobando a lista de admitidos e excluídos, para ser admitido as solicitudes dos aspirantes deben axustarse o disposto no apartado anterior é dicir, aportando:

- Fotocopia do DNI en vigor.
- Xustificante do pago da taxa esixida
- Copia complusada da titulación esixida
- Vida Laboral actualizada e contratos para acreditar o requisito de experiencia mínima.
- Declaración xurada de contar con todos os requisitos esixidos nas presentes bases.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Monforte de Lemos e na páxina web municipal www.monfortedelemos.es.

5.- Procedemento de Selección

1º fase .

Entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará cun máximo de 3´5 puntos, 35% del total.

Co obxecto de evitar, na medida do posible situacións de risco para os aspirantes e respectar ao máximo as medidas de distanciamento social determinadas pola autoridade sanitaria para a prevención de contaxios polo COVID-19, a entrevista terá carácter oral.

Unha vez rematadas todas as entrevistas, faranse públicas as puntuacións no mesmo local en que tiveron lugar as mesmas.

2ª fase.

A puntuación máxima desta fase e de 6´5 puntos , 65 % do total.

A continuación terá lugar a baremación de méritos obxectivos, por medio do cal serán avaliadas as circunstancias profesionais dos/as aspirantes.

Non se valoraran os méritos cuxa acreditación non se axuste o disposto nas presentes bases nin os presentados unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación.

CSV: 07E50007E8E20006A3C5E107Z3



FIRMANTE - FECHA



I) Experiencia profesional.

Experiencia como director/a en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou cursos de formación ocupacional, na especialidade formativa obxecto da convocatoria (comunicación audiovisual ou titulación superior no ámbito audiovisual ou TICS, 0,50 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de 1,5 punto.

Experiencia profesional, non valorada no apartado anterior, en postos de traballo da especialidade obxecto da convocatoria (licenciado/a ou grao en comunicación audiovisual ou titulación superior no ámbito audiovisual ou TICS.) e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases: 0,30 puntos por cada seis meses completos nos últimos 10 anos ata un máximo de 2 puntos.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 3,50 puntos.

O período mínimo de experiencia exixido polo Real Decreto que regula o certificado de profesionalidade, e que é imprescindible para participar no proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:

No caso de traballador por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios.

No caso de traballadores autónomos: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Agencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.

No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

II) Cursos realizados:

Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,20 puntos.

Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos.

Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 2,50 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso. nin xornadas, congresos, simposios...

CSV: 07E50007E8E200O6A3C5E107Z3



FIRMANTE - FECHA





III) Coñecementos de lingua galega:

Curso de iniciación: 0,25 puntos.

Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 0,50 puntos.

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente.

Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

Finalizado o proceso de selección, o Tribunal procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na entrevista persoal e na valoración de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

A relación das persoas admitidas e excluídas (sinalando neste último suposto os motivos da exclusión) no proceso selectivo será exposta no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa páxina web, así como nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego. No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán no oficina de emprego correspondente.

Os criterios para dirimir posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais son os que se establecen no punto 15 da devandita circular nº: 6/2021, sendo por orde de prelación

- O maior tempo acreditado como desempleado
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- O de maior idade
- De persistir o empate este resolverase por sorteo público.

Os requisitos esixidos para participar no proceso selectivo non serán obxecto de baremación. Os

CSV: 07E50007E8E20006A3C5E107Z3



FIRMANTE - FECHA		Número : 2021001274
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 29/09/2021	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 29/09/2021	Fecha: 29/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/09/2021 19:13:14		Hora: 19:13
		Persona 76561868C



méritos baremables deben estar en todo caso relacionados coas funcións a desenvolver.

As persoas candidatas preseleccionadas que non acrediten axeitadamente os requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremación.

A entrevista terá lugar o xoves 7 de outubro do 2021, as 11:00 horas no Salón de Plenos da Casa Consistorial, Campo de San Antonio s/nº, para o posto de administrador/a.

6. Contratación.

- A entidade promotora estará obrigada a contratar á persoa que sexa proposto polo Tribunal de selección atendendo as puntuacións finais, sempre e cando cumpra cos requisitos que figuran nestas bases, para o que deberá aportar á entidade promotora do proxecto para a súa contratación certificado médico oficial, no que se certifique que a persoa interesada non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego “ e declaración responsable de non ter sido separada, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitada para o exercicio da función pública.

- Non obstante o anterior, si a persoa candidata proposta para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o grupo de traballo propoñerá a aquela persoa candidata que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houberen superado o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.

7. Incidencias e reclamacións.

- As incidencias e reclamacións que puideran derivarse do proceso de selección, presentaranse ante o Tribunal de selección/Grupo de Traballo, para a selección no prazo de 24 horas a contar dende a publicación dos resultados da entrevista e do baremo.

8. Publicidade das bases:

Estas bases deberán de ser expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta, así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello de Monforte de Lemos.

9. Listaxe de reserva.

O Tribunal, coa finalidade de suplir as posibles baixas da persoa seleccionada como director/a, poderá elaborar unha lista de reserva integrada por orde decrecente de puntuacións polas persoas candidatas non seleccionadas .

No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houberen superado o proceso selectivo,

CSV: 07E50007E8E2006A3C5E107Z3



DOCUMENTO
DIGITALMENTE
FIRMADO
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007E8E2006A3C5E107Z3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA		Número : 2021001274
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 29/09/2021		Fecha: 29/09/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 29/09/2021		Hora: 19:13
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/09/2021 19:13:14		Persona 76561868C





procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.

Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituír ao administrador/a.

10.- Tribunal

O tribunal encargado de xulgar estas probas establecerase por Resolución da alcaldía e a súa composición publicárase a páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os seus compoñentes pertenceran en todo caso a un corpo, escala ou categoría profesional para acceder ó cal se esixa titulación igual ou superior á esixida para participar neste proceso.

Estará composto por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais. Designados de entre o persoal funcionario ou laboral fixo do Concello de Monforte de Lemos, e de ser necesario de calquera outra administración.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos/as suplentes que serán designados xunto cos titulares.

Na composición do Tribunal respectarase o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes.

Abstención e Recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei.

Actuación do Tribunal.

O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como

CSV: 07E50007E8E20006A3C5E107Z3



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007E8E20006A3C5E107Z3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 29/09/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 29/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/09/2021 19:13:14

Número : 2021001274
Fecha: 29/09/2021
Hora: 19:13
Persona 76561868C





para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

SEGUNDO: Publicar as bases do proceso selectivo na páxina web e taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos , así como no taboleiros de anuncios da oficina de emprego de Monforte de Lemos.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario

CSV: 07E50007E8E20006A3C5E107Z3



FIRMANTE - FECHA

